- Debatir os resultados académicos das materias directamente entre os coordinadores de Grao e os profesores responsables daquelas (ademais da exposición e discusión dos resultados académicos que ten lugar na Comisión de Garantía de Calidade).
- Acadar a formalización das reunións de coordinación docente e dotalas de periodicidade.

Actuacións a desenvolver

- Desenvolver reunións por curso nas que se tratará a coordinación de obxectivos e programas das materias, guías docentes e valoración dos resultados académicos.
- Desenvolver reunións individuais da coordinadora de Grao cos responsables daquelas materias con taxas de éxito máis extremas.
- Comunicar os resultados das reunións á Comisión de Garantía de Calidade e ao decano do centro.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se precisan

Indicadores de execución

Número de reunións, coas correspondentes evidencias, mantidas entre a coordinadora do Grao e os responsables das materias do plan de estudos.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Grao en Ciencias Empresariais

Resultados previstos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Establecer reunións de seguimento entre os coordinadores dos Graos que integran os Programas de Simultaneidade

Punto débil detectado

Falta de reunións de coordinación docente entre os Graos implicados na Simultaneidade

Ámbito de aplicación

Programa de Simultaneidade de Graos en Turismo e Ciencias Empresariais

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Grao en Ciencias Empresariais e Coordinador do Grao en Turismo

Obxectivos específicos

- Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe a través do desenvolvemento de reunións de coordinación que axuden a detectar calquer problema de coordinación horizontal e/ou vertical, nas que se expoñan programas e obxectivos, e se debatan taxas de resultados académicos.
- Debatir os resultados académicos das materias directamente entre os coordinadores dos Graos implicados na Simultaneidade (ademais da exposición e discusión dos resultados académicos que ten lugar nas respectivas Comisións de Garantía de Calidade).
- Formalizar reunións de coordinación docente inter-centros, ao igual que sucede dentro de cada Grao, e dotalas de periodicidade. O mellor coñecemento mutuo redundará positivamente no funcionamento do título (que xa está a funcionar de xeito excelente).

Actuacións a desenvolver

- Establecer reunións entre ambos coordinadores nas que se traten os diversos aspectos relativos ao desenvolvemento conxunto do título e se valoren os resultados académicos.
- Valorar a necesidade de extender a convocatoria das reunións aos responsables das materias do plan de estudos (posiblemente, por cursos).
- Comunicar os resultados das reunións á Comisión de Garantía de Calidade de cada Facultade, así como aos decanos dos centros.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se precisan

Indicadores de execución

Número de reunións, coas correspondentes evidencias, mantidas entre os coordinadores dos Graos integrados no Programa de Simultaneidade.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Grao en Ciencias Empresariais

Resultados previstos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Adequar os calendarios de matrícula ao calendario académico dos Graos

Punto débil detectado

Incorporación tardía de estudantes ao Grao

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Decano

Obxectivos específicos

Redución de matriculas no Grao unha vez comezado o curso.

Actuacións a desenvolver

Solicitar ás administracións competentes a modificación dos calendarios de matrícula.

Período de execución

Xullo de 2014

Recursos / financiamento

Non se precisan

Indicadores de execución

Resposta positiva á solicitude realizada.

Observacións

Renovación do plan de mellora de idéntico nome aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, debido a que non obtivo os resultados agardados no período estipulado (prorrogado).

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Grao en Ciencias Empresariais

Resultados previstos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Reducción da diferenza entre as taxas de éxito das distintas asignaturas do título

Punto débil detectado

As materias que integran o plan de estudos amosan diferencias, en ocasións significativas, nas súas taxas de éxito

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Vicedecano de Titulacións e Estudantes / Vicedecana de Organización Académica / Vicedecana de Calidade

Obxectivos específicos

Nos primeiros anos tras a implantación do título no curso 2009/2010, as diferentes materias presentaban taxas de éxito significativamente

distintas entre elas, correspondendo xeralmente os valores máis baixos ás materias de corte cuantitativo. Unha posible explicación para esta cuestión sería o tipo de acceso á universidade dende o Bacharelato: os enfoques e contidos das materias de tipo cuantitativo difiren de forma notable segundo a opción elixida (rama de Ciencias e Tecnoloxía ou rama de Humanidades e Ciencias Sociais), o cal afecta ás asignaturas da titulación nas que o seu uso sexa necesario.

Se debatiron posibles mecanismos para a redución da diferenza, como implantar "cursos cero", mais non existe consenso xeralizado ao respecto. Sen embargo, destaca o feito de que no curso 2012/2013 se reduce a diferenza entre as taxas de éxito das materias, incluídas as de corte cuantitativo. Unha posible explicación podería ser a maior e mellor adecuación das metodoloxía docentes ao EEES.

En todo caso, cómpre vixiar se a diverxencia se mantén ou se reduce no curso 2013/2014, sitúándose nuns niveis razoables, ou se é preciso someter de novo a discusión propostas de mecanismos de redución de diferencias entre taxas.

Actuacións a desenvolver

- Avaliar a diverxencia entre as taxas de éxito das materias, en especial nas de corte cuantitativo, tras o remate do curso académico 2013/2014 e comparalas coas dos cursos previos.

- Reflexionar sobre a necesidade de implantar un mecanismo de redución das diferencias entre as taxas en todo caso ou se só sería preciso se a diverxencia se acrecenta. Unha iniciativa a valorar sería a posibilidade de ofertar cursos cero ou preparatorios para alumnos de novo ingreso, un procedemento xa común noutras titulacións e universidades, e que ofrece boas perspectivas de funcionamento.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se precisan

Indicadores de execución

Diverxencia entre as taxas de éxito das materias no curso académico 2013/2014, con especial atención ás de corte cuantitativo, e comparación cos datos dos cursos anteriores.

Observacións

Renovación de Plan de Mellora aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, dentro dun proceso de mellora continua.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Xustificación. Plan de mellora

Denominación da proposta

Realización de análise de inserción laboral de los egresados en las titulaciones de Máster

Punto débil detectado

Falta dun mecanismo de valoración da inserción laboral destes egresados que sexa propio da facultade

Ámbito de aplicación

Centro / Mercado laboral

Responsable da súa aplicación

Coordinadores de Mestrado e Vicedecano de Titulacións e Estudantes

Obxectivos específicos

- Seguimento dos egresados tras a consecución do seu título de Mestrado; os resultados obtidos contribuirán á xustificación do interese que posúe o título.
- Incremento da interacción e dinamización nas relacións entre a universidade e a contorna laboral (sector privado e público), a través dun contacto continuo, especialmente nos primeiros anos de inserción laboral, entre o estudante e a universidade. A información que reporte o alumnado servirá como orientación de mellora para os títulos e a interacción coas institucións xenera externalidades positivas.

Actuacións a desenvolver

- Incorporación de breves cuestionarios dentro da documentación que entregan os alumnos vinculada ás prácticas en empresas
- Elaboración dun formulario sobre a inserción laboral dos egresados, que estes han de cumprimentar de forma necesaria no momento en que procedan a recoller o seu título
- Desde a facultade, fomento da creación dunha asociación de antigos alumnos que, entre outros propósitos, aportaría información sobre a inserción laboral dos egresados
- Solicitude de información aos empregadores
- Obtención de datos desde o Observatorio Ocupacional da UDC

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

- Porcentaxes de alumnos que traballan, opositan ou siguen estudiando
- Porcentaxes de alumnos que traballan en labores relacionadas co seu título
- Porcentaxes de alumnos que buscan traballo relacionado co título
- Porcentaxes de utilización de vías de búsqueda de emprego
- Porcentaxes de trabadores con postos acordados co seu título
- Valoración do grao en que desenvolven competencias, coñecementos e actitudes no seu traballo

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Parcial

Resultados obtidos

- Preparación de cuestionarios, específicos do Mestrado, para a avaliación da inserción laboral dos titulados. A novembro de 2013, estase a reflexionar sobre a conveniencia de que estes mecanismos sexan comúns a todos os Mestrados impartidos na Facultade.
- Facilitáronse ao administrador do centro enquisas de satisfacción do SGIC orientadas a titulados, quen as cumprimentarán no momento de recollida do seu título (ver anexo). Os resultados obtidos permitirán avaliar a inserción laboral dos egresados e, en consecuencia, valorar a xustificación do título.
- O Mestrado posúe, de forma específica, un informe do titor da empresa ao remate das Prácticas Externas (ver anexo).
- Iniciativa de creación dunha asociación de antigos alumnos, dende o Plano de Acción Titorial da facultade. Entre outros propósitos, servirá para valorar a inserción laboral dos titulados.
- Como factor que potenciaría a unión de antigos alumnos, á vez que a inserción laboral, activación dunha rede profesional en internet que sirva de axuda aos titulados para a súa incorporación e continuidade no mercado laboral: grupo de LinkedIn denominado "FEE-UDC Alumni".

Grao de satisfacción

Medio

Accións correctoras a desenvolver

Completar, ao longo do curso académico 2013/2014, todas as "Actuacións a desenvolver" programadas.

Outros anexos

ENQUISA_TITULADOS.doc

informe titor empresa_MUBF_novo.pdf

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Competencias / obxectivos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Recollida da opinión de egresados ou empregadores a fin de valorar a relevancia actual dos obxectivos e competencias

Punto débil detectado

Falta dun mecanismo que permita valorar se os obxectivos e competencias do título manteñen a súa relevancia en cada momento

Ámbito de aplicación

Cento / Mercado laboral

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Mestrado

Obxectivos específicos

- Análise das opinións dos egresados ou dos empregadores na incorporación á vida laboral sobre o grao de desenvolvemento dos obxectivos e competencias que figuran na memoria do título
- Seguemento dos egresados tras a consecución do seu título de mestrado

Actuacións a desenvolver

- Recollida de información a través de cuestionarios ou entrevistas sobre a opinión de egresados ou empregadores que permitan coñecer se os obxectivos e competencias mencionados no título manteñen a súa relevancia en cada momento
- Obtención de datos dende o Observatorio Ocupacional da UDC
- Valoración e reflexión sobre os resultados obtidos
- Efectuar un seguimento do proceso de creación da Asociación de Antigos Alumnos e o funcionamento da rede profesional de LinkedIn

Período de execución

Outubro 2014

Recursos / financiamento

Non son necesarios

Indicadores de execución

Indicadores do grao de desenvolvemento, no mundo profesional, das obxectivos e competencias propostos na memoria do título

Observacións

Prórroga de plan de mellora do mesmo nome aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, debido a que o orixinal se executou de forma parcial

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Acceso e admisión de estudantes. Plan de Mellora

Denominación da proposta

Ampliación do plan de promoción

Punto débil detectado

(Mellora continua desta cuestión)

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Equipo directivo do centro / Coordinadora do Mestrado

Obxectivos específicos

- Abrir novas canles de promoción.
- Difundir nova información destacada.
- Potenciar o uso da web do centro.
- Reforzar a nosa presenza.

Actuacións a desenvolver

- Potenciar o emprego das novas tecnoloxías e as redes sociais como instrumento de promoción.
- Destacar na presentación dos títulos a maior internacionalización do centro, así como a promoción da inserción laboral.
- Dar máis publicidade ao título a nivel institucional.
- Plantexar o facer un video promocional do centro destacando os diferentes títulos.
- Promoción na rede das actividades de interese académico e profesional que se realizan no noso centro.

Período de execución

Curso 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Grao de aceptación das novas canles e información

Observacións

Plan de mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos



Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Acceso e admisión de estudantes. Plan de Mellora

Denominación da proposta

Revisión do sistema de acceso nos Mestrados

Punto débil detectado

No procedemento de admisión actual, a orde de chamada de alumnos provoca disfuncións como forzar a empregar o terceiro prazo, incorporación tardía dos estudantes ou incluso abandono destes

Ámbito de aplicación

Mestrados oficiais do centro

Responsable da súa aplicación

Coordinadores dos Mestrados

Obxectivos específicos

Mellorar a calidade do procedemento de admisión nos Mestrados da Facultade e que éste constituía un sistema eficaz, permitindo o emprego dunha listaxe de agarda no segundo prazo para evitar que se produzan disfuncións como:

- i. O emprego forzoso do terceiro prazo, o cal remata a mediados de outubro (cando as clases xa deron comezo), coa conseguinte incorporación tardía dos estudantes.
- ii. A exclusión de alumnos con bó expediente, que deciden matricularse noutras universidades antes que agardar ao terceiro prazo.
- iii. A posibilidade de que finalmente non se cubran todas as prazas dos Mestrados e que se rexeitara o admisión de alumnos bós nos primeiros prazos de matrícula.

Actuacións a desenvolver

- Reflexionar e debater sobre o calendario de segunda matrícula: axilizar o mecanismo de matrícula por chamamento (cobertura de vacantes) e sopesar a posibilidade de que o alumno deba establecer preferencias entre os estudos que solicita, en caso de estar interesado en varias opcións.
- Comunicar a proposta á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e solicitar á Universidade a implantación das solucións estudadas.

Período de execución

Outubro 2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Porcentaxe de alumnos matriculados en primeira convocatoria respecto ao total de alumnos que solicitaron a súa admisión no Mestrado no primeiro prazo establecido.

Observacións

Plan de mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, que recolle e amplía o plan xa existente denominado "Revisión dos procedementos de matrícula".

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Planificación das ensinanzas. Plan de mellora

Denominación da proposta

Mellorar a temporalización das Prácticas en Empresa

Punto débil detectado

As prácticas tenden a concentrarse nos meses de xuño e xullo, o que dificulta aos estudantes a finalización do Traballo de Fin de Mestrado antes do setembro

Ámbito de aplicación

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Mestrado / Vicedecana de Relacións Empresa-FEE

Obxectivos específicos

- Reducir a exigua taxa de graduación deste Mestrado cunha temporalización das Prácticas máis eficaz, que permita aos estudantes compatibilizalas mellor co Traballo de Fin de Mestrado para finalizar éste antes do mes de setembro e así poder defendelo no mesmo curso académico.
- Dotar de maior racionalización á distribución temporal das Prácticas, sen estar concentradas nos dous meses finais do curso.

Actuacións a desenvolver

Ofertar Prácticas en Empresa durante todo o curso académico.

Cómpre ter en conta que este feito non depende só da vontade da coordinación do Mestrado e do propio centro, senón que tamén está condicionado pola capacidade das empresas e institucións, e a realidade económica.

Período de execución

Outubro 2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Realización das Prácticas en Empresa ao longo de todo curso académico.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Planificación das ensinanzas. Plan de mellora

Denominación da proposta

Incrementar o número de profesores dispoñibles para dirixir Traballos de Fin de Mestrado

Punto débil detectado

O número de profesores da facultade dispoñibles para dirixir un número de teses por ano ou curso académico resulta escaso

Ámbito de aplicación

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Mestrado

Obxectivos específicos

Incrementar o número de profesores da facultade dispoñibles para dirixir Traballos de Fin de Mestrado, pois xa se deu a situación nalgúns casos de alumnos que procuran outros docentes noutros centros para a dirección do traballo. No longo prazo, isto sería un indicador de mala calidade para o noso centro. Ademais, o aumento na oferta aliviaría a acumulación de Traballos que posúen os docentes do título. Esta situación podería vincularse a outro plan de mellora plantexado: o relacionado co incremento de incentivos para os directores de Traballos de Fin de Mestrado.

Cómpre sinalar que na revisión da Normativa de Realización de Traballos de Fin de Mestrado, aplicada ao noso centro, se está a contemplar a posibilidade de que os titores destes Traballos non teñan por que ter, necesariamente, docencia no título e que podan ser non doutores. Isto incrementaría de forma notable o número de docentes en condicións de titorizar.

Actuacións a desenvolver

- Recoller información dos axentes implicados neste Mestrado para avaliar esta cuestión e tomar unha decisión final ao respecto.
- Valorar a relación co sistema de incentivos para a dirección de Traballos de Fin de Mestrado.
- Lembrar a posibilidade de co-dirección de teses, o cal reduce o volume de traballo individual, e pode favorecer o aumento de docentes dispoñibles.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se precisan

Indicadores de execución

Evolución temporal do número de profesores directores de Traballos de Fin de Mestrado (tamén ratio conforme ao número de alumnos).

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, que supón a prórroga do Plan xa existente "Incrementar o número de profesores doutores dispoñibles para dirixir teses de mestrado".

A nova denominación do Plan é debida a dous motivos: i) a "Tese de Mestrado" pasou a denominarse "Traballo de Fin de Mestrado"; ii) a nova Normativa de Realización de Traballos de Fin de Mestrado, aínda non aprobada, permitiría que o titor non teña por que ter o grao de Doutor.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Planificación das ensinanzas. Plan de mellora

Denominación da proposta

Incrementar os incentivos para os directores de Traballo de Fin de Mestrado en termos de redución de carga docente e valorar o propio cos membros dos comités de valoración

Punto débil detectado

A asignación actual de redución da carga docente en 1 crédito por cada 3 Traballos dirixidos resulta insuficiente

Ámbito de aplicación

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Mestrado

Obxectivos específicos

O plano actual de incentivos por dirección de Traballos de Fin de Mestrado (redución da carga docente en 1 crédito por cada 3 teses) resulta claramente insuficiente, segundo os axentes implicados no título. Polo tanto, o obxectivo é propoñer maiores incentivos para os directores, en termos de redución de carga docente e/ou de accións alternativas.

O incremento de incentivos tamén debería extenderse aos membros dos comités de valoración dos Traballos de Fin de Mestrado.

Actuacións a desenvolver

Recoller información dos axentes implicados no Mestrado na que se valore tanto a modificación en si do plano de incentivos por dirección de Traballos como a forma de implementación do sistema (maiores reducións na carga docente, reasignación desta, accións alternativas, etc.).

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Reflexo dos incentivos no POD ou no plano correspondente.

Observacións

Prórroga de Plan de Mellora aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013. Cómpre sinalar que o Plan actual inclúe a nova denominación para a tese de mestrado: "Traballo de Fin de Mestrado".

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Planificación das ensinanzas. Plan de mellora

Denominación da proposta

Modificación da normativa que regula o Traballo de Fin de Mestrado

Punto débil detectado

Introducción de cambios na normativa xeral da UDC e modificacións propostas desde o centro

Ámbito de aplicación

Mestrados oficiais do centro

Responsable da súa aplicación

Coordinadores dos Mestrados

Obxectivos específicos

Modificar a Normativa que regula o Traballo de Fin de Mestrado para adaptala aos cambios introducidos pola normativa xeral da UDC e, asemade, buscar procedementos que colaboren na mellora dos resultados da mesma. En particular, a atención se focaliza na regulación da oferta de temas e a dirección académica, así como a limitación do número de convocatorias para que os alumnos se impliquen en maior medida na finalización do Traballo. Tamén se introducirían modificacións propostas desde a Facultade.

Actuacións a desenvolver

Elaborar unha nova Normativa que regule o Traballo de Fin de Mestrado, adaptándoa aos cambios introducidos pola normativa xeral da UDC e ás modificacións propostas desde a Facultade.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Aprobación da Normativa.

Observacións

Prórroga de Plan de Mellora aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013. Cómpre sinalar que o Plan actual inclúe a nova denominación para a tese de mestrado: "Traballo de Fin de Mestrado".

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos



Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Planificación das ensinanzas. Plan de mellora

Denominación da proposta

Mellorar a formación do alumnado de cara a desenvolver un traballo de investigación

Punto débil detectado

Os estudantes amosan unha escasa formación á hora de levar a cabo un traballo de investigación

Ámbito de aplicación

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Mestrado

Obxectivos específicos

Os estudantes que acceden a este mestrado deberán ter unha formación axeitada para desenvolver sen problema o traballo final, superando certos problemas que, segundo as experiencias pasadas, principalmente se centran en:

- Plantexamento do problema a investigar.
- Metodoloxía de investigación.
- Utilización e manexo de instrumentos, fontes de datos e técnicas de análise.

Compre sinalar dúas cuestións:

- Agárdase que a realización de Traballos de Fin de Grao por parte dos futuros graduados (e potenciais estudantes do mestrado) sirva de experiencia e guía para a realización de traballos de investigación.
- Unha parte do alumnado do mestrado non procede de titulacións de Economía ou Empresa, resultando máis complicado para eles implementar certas metodoloxías de investigación.

Actuacións a desenvolver

- Promover e facilitar en maior medida a asistencia a cursos de formación sobre elaboración de traballos de investigación; desde a coordinación do mestrado se ven facendo fincapé nesta opción nas últimas edicións. En particular, a Biblioteca ten unha oferta de cursos, especialmente enfocados ás bases de datos, procura de información e elaboración do Traballo de Fin de Mestrado en sí; o CUFIE tamén integra cursos neste sentido a través do seu plano de apoio á aprendizaxe.
- Valorar a posibilidade de implantar un "curso cero" sobre ferramentas metodolóxicas para un traballo de investigación (especialmente, plantexamento de problemas, técnicas estatísticas e procedementos).
- Naquelas asignaturas do grao nas que se desenvolvan traballos individuais ou en grupo como parte da avaliación, e na medida do posible, que o seu profesorado preste especial atención ás debilidades e fortalezas que amosan os alumnos á hora de levar a cabo esta actividade, tratando de rectificar calquera posible desviación e potenciando as actuacións positivas.
- Reforzar, nos criterios de admisión, os relativos á formación e preparación do alumnado para desenvolver traballos de investigación (valoración do Traballo de Fin de Grao, asistencia a cursos de formación relacionados con este aspecto, etc.)

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non son necesarios

Indicadores de execución

Indicios de formación académica axeitada no alumnado.

Observacións

Prórroga de Plan de Mellora aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Recursos humanos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Seguemento das capacidades docentes e investigadoras do profesorado

Punto débil detectado

A valoración do persoal docente debería efectuarse cun mecanismo máis completo que o actual

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Decano / Vicedecana de Calidade

Obxectivos específicos

- Realizar un seguimento e medición das capacidades tanto docentes como investigadoras do profesorado implicado no título.
- En función do anterior, avaliar a capacitación do persoal docente.

Resulta fundamental, para o óptimo funcionamento da universidade, que o profesorado ofrezca unhas capacidades docentes e investigadoras cando menos satisfactorias; a valoración do persoal docente debería efectuarse non só en base á súa categoría laboral, senón introducindo tamén elementos esenciais como a experiencia, a actualización de coñecementos, a avaliación da docencia por parte do alumnado, o grao de cumprimento de horarios de aulas e titorías, a publicación de documentos científicos, a participación en proxectos de investigación, o fomento das relacións con outras universidades e outros entes, ou o grao de implicación co centro.

Actuacións a desenvolver

- Implementación dun mecanismo de seguimento da docencia impartida: cumprimento dos horarios de aulas e titorías.
- Preparación dun sistema de recollida de información para efectuar o seguimento das capacidades docentes e investigadoras do profesorado.

Entre outros méritos, incluíranse: obtención de quinquenios de docencia, participación en cursos de formación docente, participación en proxectos de innovación docente, dirección de teses de mestrado, participación en programas de avaliación docente (Docentia), obtención de sexenios de investigación, publicacións científicas, participación en proxectos de investigación, dirección de teses de doutoramento, participación en seminarios de investigación/congresos/conferencias e aspectos relevantes contidos nas diferentes enquisas de avaliación.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se necesitan

Indicadores de execución

Grao de cumprimento dos criterios/méritos incluídos no sistema de seguimento.

Observacións

Prórroga de plan de mellora do mesmo nome aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, debido a que o orixinal se executou de forma parcial.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Recursos materiais e servizos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Incorporación de información básica sobre recursos materiais e servizos na páxina web da facultade

Punto débil detectado

Falta completar información básica sobre recursos materiais e servizos na web da Facultade de Economía e Empresa

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Vicedecano de Infraestruturas e Equipamento / Vicedecana Responsable de Calidade

Obxectivos específicos

Se ben a información básica relativa ao centro está incorporada no Xestor de Espazos da UDC, resultaría positivo engadir na páxina web do centro información básica sobre os recursos materiais e servizos que se atopan a disposición da comunidade universitaria nas instalacións da facultade. Cómpre dicir que na guía de acollida para novos estudantes (en papel e informatizada) figura esta información, polo que restaría trasladala á web propia.

Deste xeito, a comunidade dispón dunha canle de información permanente e coñece mellor os recursos que pode atopar na facultade.

Actuacións a desenvolver

Engadir na páxina web do centro certa información básica sobre os recursos materiais e servizos dispoñibles no edificio da facultade, como por exemplo:

- * Aulas de docencia: número, capacidade, destino, distribución, etc.
- * Aulas de informática e aulas net: ubicación, número, capacidade, horarios, servizos, teléfono, etc.
- * Postos de estudo en espazos comúns: ubicación, número de mesas de traballo, etc.
- * Biblioteca do centro: ubicación, número de postos, horarios, servizos, cuantificación fondos bibliográficos, etc.
- * Departamentos e despachos dos profesores: ubicación, composición, etc.
- * Servizo de Reprografía: ubicación (tamén das máquinas de auto-servizo), servizos que presta, teléfono, etc.
- * Conserxería: ubicación, misión, teléfono, etc.
- * Decanato, Aula Magna, Salón de Graos: ubicación, misión, etc.
- * Cafetería: ubicación, horarios, servizos, teléfono, etc.

Período de execución

Marzo de 2014

Recursos / financiamento

Non se necesitan

Indicadores de execución

Incorporación da información na páxina web da facultade.

Observacións

Renovación de plan de mellora aprobada pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013, debido a que o plan orixinal se executou de forma parcial no período previsto.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Recursos materiais e servizos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Establecemento dun novo procedemento para informar á biblioteca dos cambios e actualizacións na bibliografía recomendada

Punto débil detectado

O formulario habilitado para este fin foi escasamente utilizado polo profesorado no curso académico 2012/2013

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Directora da Biblioteca do centro / Decano

Obxectivos específicos

- Potenciar os recursos de información de apoio á aprendizaxe para o estudante: ferramenta de consulta da bibliografía recomendada (por materia e por docente).
- Mellorar a calidade do procedemento de ensino-aprendizaxe: fomento do emprego de bibliografía.

Actuacións a desenvolver

- Reflexionar sobre os motivos que causaron a baixa utilización do formulario actual sobre cambios e actualizacións na bibliografía recomendada por parte dos docentes.
- Plantexar un novo mecanismo de transmisión da información sobre cambios e actualizacións na bibliografía da materias.

Período de execución

Outubro 2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Porcentaxe de docentes que empregan o formulario para informar á biblioteca dos cambios e actualizacións na bibliografía recomendada.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos



Evidencia de:

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Resultados previstos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Posibilidade de introducir un sistema de seguimento periódico aos titorandos dos Mestrados

Punto débil detectado

A baixa taxa de graduación neste Mestrado

Ámbito de aplicación

Mestrado Universitario en Banca e Finanzas

Responsable da súa aplicación

Coordinadora do Mestrado

Obxectivos específicos

- Iniciar ao alumnado dende o primeiro día de clase na disciplina que implica o Traballo de Fin de Mestrado.
- Fomentar a iniciativa e o emprendemento do estudante do Mestrado.
- Presentar os avances nos traballos de forma periódica e pública.

Actuacións a desenvolver

- Discutir e concretar as características que debe posuír este sistema de seguimento (contidos, calendario, etc.).
- Informar aos potenciais estudantes antes da matrícula, ao igual que na páxina web do Mestrado.

Período de execución

Outubro de 2014

Recursos / financiamento

Non se precisan

Indicadores de execución

Implantación efectiva do sistema de seguimento periódico.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Centro

Recursos materiais e servizos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Incremento do número de ordenadores portátiles para consulta que proporciona a Biblioteca

Punto débil detectado

O número de ordenadores portátiles que suministra a Biblioteca para consulta dentro da mesma se revela insuficiente no curso académico 2012/2013

Ámbito de aplicación

Biblioteca do centro

Responsable da súa aplicación

Decano / Vicedecano de Infraestruturas e Equipamento / Directora da Biblioteca do centro

Obxectivos específicos

- Facilitar o acceso a ordenadores para consulta por parte usuarios da Biblioteca do centro.
- Atender á petición da Biblioteca do centro de aumentar o número de ordenadores portátiles por revelarse insuficiente para atender a demanda; no curso académico 2012/2013 a dispoñibilidade é de oito unidades.
Segundo o informe técnico emitido pola Biblioteca do centro, no curso académico 2012/2013 a porcentaxe de postos informatizados por número total de postos no noso centro (6.13) é inferior á media de REBIUN (10.44). Os ordenadores portátiles contan como postos informatizados, polo que a proposta sería aumentar o su número.

Actuacións a desenvolver

- Estimar o número de ordenadores portátiles necesarios e determinar os que se atoparían dispoñibles no centro.
- Contactar coa coordinación do Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas: tras a súa supresión, resultaría factible reubicar os ordenadores dos que facían uso os seus estudantes.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Número total de ordenadores portátiles de que dispón a Biblioteca para consulta dentro da mesma ao completar o Plan de Mellora.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Centro

Recursos materiais e servizos. Plan de mellora

Denominación da proposta

Unificación da xestión dos distintos orzamentos para Biblioteca

Punto débil detectado

A xestión do orzamento para Biblioteca podería ser máis eficiente

Ámbito de aplicación

Biblioteca do centro

Responsable da súa aplicación

Decano

Obxectivos específicos

- Incrementar a eficiencia na xestión do orzamento para a Biblioteca coa unificación da xestión deste, aínda que se mantivesen as porcentaxes de asignación por departamentos mediante unha subdivisión por áreas.

Actuacións a desenvolver

- Estudar a viabilidade da unificación dos orzamentos para Biblioteca.
- Reunión entre o decano, a directora da Biblioteca e os directores de Departamento.

Período de execución

Decembro 2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

Unificación efectiva da xestión dos orzamentos para Biblioteca.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Centro

Sistema de Garantía de Calidade. Plan de mellora

Denominación da proposta

Desenvolvemento completo do ciclo “recepción de incidencias, reclamacións e suxestións”-“información aos órganos colexiados pertinentes”-“toma de decisións con accións correctivas ou de mellora”

Punto débil detectado

Non se completa de forma clara o ciclo de transmisión de información sobre incidencias, reclamacións e suxestións desde a súa recepción ata os órganos colexiados competentes na materia.

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Decano e Vicedecana responsable de Calidade

Obxectivos específicos

- Manter informados a todos os axentes implicados sobre as incidencias, reclamacións e suxestións que se acheguen ao centro, especialmente daquelas que posúan unha transcendencia particular.
- Cooperación dos membros da comunidade universitaria á hora de valorar as incidencias, reclamacións e suxestións que podan xurdir, e aportación conxunta de solucións e, en caso necesario, accións correctivas ou de mellora.
- Contribuír á calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como ao desenvolvemento da vida universitaria, ao someter a avaliación as incidencias e aportar solucións; este feito redundará nunha mellora para todos os axentes.

Actuacións a desenvolver

Deseño e implantación dun protocolo completo para xestionar as incidencias que responda aos obxectivos específicos anteriormente mencionados.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se contemplan

Indicadores de execución

- Número de incidencias, reclamacións e suxestións recibidas e trasladadas aos órganos pertinentes.
- Número de incidencias, reclamacións e suxestións solventadas.
- Número de incidencias, reclamacións e suxestións non solventadas.
- Número e tipo de accións correctivas ou de mellora xurdidas a partir de incidencias, reclamacións e suxestións.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

Evidencia de:

Centro

Sistema de Garantía de Calidade. Plan de mellora

Denominación da proposta

Potenciación da participación do alumnado nas comisións do centro

Punto débil detectado

O nivel de asistencia e participación do alumnado nas diferentes comisións do centro é baixo

Ámbito de aplicación

Centro

Responsable da súa aplicación

Decano

Obxectivos específicos

- Instar ao estudiantado a que faga un uso efectivo da súa representación nos órganos de decisión.

O estudiantado debe participar nos debates e procesos de toma de decisións da Facultade, e así se reflicte na Normativa. As decisións e posteriores actuacións consensuadas facilitan o desenvolvemento do ensino, ao ter en conta a todos os colectivos implicados.

Pese a teren representantes designados en todas as Comisións Delegadas e na Xunta de Facultade, a asistencia dos estudantes é escasa no noso centro (especialmente, ás primeiras).

Actuacións a desenvolver

Reunión do equipo directivo do centro cos representantes de estudantes para expór a situación e procurar unha solución.

Período de execución

Curso académico 2013/2014

Recursos / financiamento

Non se necesitan

Indicadores de execución

- Porcentaxe de comisións ás que acuden, cando menos, un representante dos estudantes/número de comisións totais.

- Promedio de representantes de alumnos que acuden a Comisións Delegadas e Xuntas de Facultade.

Observacións

Plan de Mellora aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade de 11/11/2013.

A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grao de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Outros anexos

